



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

O pleno do Concello de Alfoz, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2022, acordou a aprobación inicial da ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL DO CONCELLO DE ALFOZ, e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 56 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18. do mes de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, contados a partir do día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo que se poida examinar e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o dito prazo non se presentasen reclamacións, o dito acordo entenderase definitivamente aprobado.

Alfoz, 29 de marzo de 2022.- Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 0722

Anuncio

O pleno do Concello de Alfoz, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2022, acordou a aprobación inicial da modificación da Ordenanza municipal reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade e o asentamento da poboación. do Concello de Alfoz, e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 56 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18. do mes de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, contados a partir do día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo que se poida examinar e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o dito prazo non se presentasen reclamacións, o dito acordo entenderase definitivamente aprobado.

Alfoz, 29 de marzo de 2022.- O alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 0723

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS E CONSERVACIÓN MEDIOAMBIENTAL

Pola Xunta de Goberno Local do 28 de marzo de 2022 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos de conservacion e mantemento de espazos publicos e conservacion medioambiental.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS HABILES (non contan sábados, domingos nin festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros-Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamen poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 29 de marzo de 2022.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0724

MONDOÑEDO

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 29 de marzo de 2022 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 4/2022, de suplemento de crédito nº 2022/02, que será destinado a atender obrigas pendentes de aplicar ao presuposto, recollidas na conta 413, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 2.389,47 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Mondoñedo, 29 de marzo de 2022.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0725

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 29 de marzo 2022 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 5/2022, de crédito extraordinario nº 2022/01, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 24.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Mondoñedo, 29 de marzo de 2022.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0726

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, o día 28 de marzo de 2022 o expediente núm. 17/2022 de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito por importe de 3.128.503,58 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 29 de marzo de 2022.- O ALCALDE, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 24.01.2022 A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0727

Anuncio

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de febreiro do 2022 prestou aprobación definitiva ao cambio de sistema de actuación da zona D das Normas Subsidiarias de Planeamento de compensación a cooperación.

O que se publica de conformidade co previsto no art.111 da Lei do Solo de Galicia e o artigo 285 do Decreto 143/2016.

Monforte de Lemos, 28 de marzo de 2022.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0728

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

ANUNCIO DE CORRECCIÓN ERROS CADRO PERSOAL ORZAMENTO PARA O ANO 2021

Conforme co establecido no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á publicación da corrección de erros aprobada no Pleno ordinario celebrado o pasado día 25 de marzo de 2022 do cadro de persoal do orzamento do Concello de Negueira de Muñiz para o exercicio 2021 (BOP da Provincia de Lugo nº 030 de data 6 de febrero de 2021), segundo o seguinte detalle:

CADRO DE PERSOAL					
FUNCIONARIOS DE CARREIRA					
DENOMINACIÓN PRAZA	Nº DE PRAZAS	GRUPO	C.D	C.E	SITUACIÓN DO POSTO
Habilitado/a Nacional. Subescala Secretaría-Intervención-Tesourería	1	A1	24	10.320,38 €	Ocupada (titular en comisión de servizos)
Subescala Administrativa, escala xeral	1	C1	20	8.279,46 €	Vacante dotada ocupada provisionalmente
PERSOAL LABORAL					
DENOMINACIÓN PRAZA	Nº DE PRAZAS	GRUPO	C.D	C.E	SITUACIÓN DO POSTO
Enxeñeiro técnico forestal	1	A2	22	2.917,48 €	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Traballador/a Social	1	A2	21	--	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Condutor- Oficial de Obras e servizos	1	C2	18	6.213,16 €	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Oficial 1ª Servizos Diversos	1	C2	18	2.239,16 €	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Auxiliar de axuda no fogar (4 horas)	1	C2	14	828,80 €	Vacante dotada ocupada provisionalmente

Auxiliar de axuda no fogar (5 horas)	1	C2	14	1.035,16 €	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Auxiliar de axuda no fogar e limpadora (4 horas SAF e 4 horas peón /limpadora)	1	C2	14	1.020,04 €	Vacante dotada ocupada provisionalmente
C.D: Complemento de destino; C.E: Complemento específico.					
NOTA: As contías do complemento específico establecido para o persoal laboral son as aprobadas no cadro de persoal do orzamento de 2020 que non varían con respecto a 2021.					

Negueira de Muñiz, 28 de marzo de 2022.- Decreta, manda e asina o Alcalde da Corporación. Jose Manuel Braña Pereda.

R. 0729

Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 25 de marzo de 2022, aprobou con carácter provisional a modificación de crédito nº 1/2022, na modalidade de suplemento de crédito, financiada mediante remanente líquido de tesourería para gastos xerais. A partir da data de inserción deste anuncio no B.O.P. ábrese un período de exposición ó público do nomeado expediente, de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non se presentar reclamacións, de conformidade co disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a citada modificación crediticia entenderase aprobada con carácter definitivo.

Negueira de Muñiz, 28 de marzo de 2022.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0730

POL

Anuncio

INFORMACIÓN PREVIA Á OCUPACIÓN DE BENS E DEREITOS PARA EXPROPIACIÓN FORZOSA

O Pleno do Concello de Pol aprobou o día 11 de marzo de 2022 o inicio do expediente expropiatorio para a adquisición dos bens e dereitos da obra "Proxecto de mellora da estrada municipal entre o núcleo de Cima de Vila e a Capela das Neves".

Aos efectos previstos no artigo 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e nos artigos 17 e 18 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individualizada de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra mencionada, para que, nun prazo de 15 días hábiles, contados desde o seguinte á última publicación do presente Edicto, poidan presentarse cantas alegacións ou rectificacións se consideren oportunas.

Nº finca	Referencia catastral	Titulares	Enderezo	Tipo de solo	Destino do solo	Superficie a ocupar (m²)	Outros bens afectados
1	27046A118000280000JO	Antonio Gandoy González	Rúa Camiño de Friás, 7 1º A 27003 Lugo	Rústico	Prado	480	16 m de mampostería de pedra de 1,80 m de altura
2	27046A118000290000JK	Amparo Varela Prado	Calle Federico del Cerro, 8 28250 Torrelodones (Madrid)	Rústico	Folganzas	341	1 nogueira grande; 2 froiteiras
3	27046A118000240000JL	José López López	Cima de Vila, Suegos Pol 27279 (Lugo)	Rústico	Folganzas	4	

4	27046A118003790000JM	José Otero Valiño	Rúa Rosalía de Castro, 7, Mosteiro Pol (Lugo)	Rústico	Folganzas	113	1 edificación de 72 m ² dunha planta; cerramentos de pedra en bo estado e carpintería exterior de madeira, cuberta de chapa de fibrocemento, co interior sen rehabilitar; 22 m de muro de pedra de 0,80 m de altura; 1 nogueira grande; 1 teixo
5	27046A123000450000JM	Herdeiros de José López Pérez	O Castro de Elviña, 123, Elviña A Coruña	Rústico	Folganzas	593	1 garaxe de 40 m ² construído en fábrica de bloques, correas de formigón e cuberta de fibrocemento, con carpintería de chapa metálica; 63 m de muro de mampostería de pedra e 0,80 m de altura; 1 castiñeiro pequeno; 4 castiñeiros medianos; 15 castiñeiros grandes; 1 freixo pequeno; 4 freixos grandes
6	27046A120000520000JF	Vanessa Torres López	Cima de Vila, Suegos Pol (Lugo)	Rústico	Folganzas	18	
7	27046A123000420000JL	Manuel Labrada López	Cima de Vila, Suegos Pol (Lugo)	Rústico	Prado	221	
8	27046A123000410000JP	Antonio Gandoy González	Rúa Camiño de Friás, 7 1º A 27003 Lugo	Rústico	Prado	170	
9	27046A123000460000JO	José López López	Cima de Vila, Suegos Pol (Lugo)	Rústico	Monte	94	

Pol, 28 de marzo de 2022.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0732

QUIROGA

Anuncio

Aprobada inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, de data 25 de febreiro de 2022, a modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral de 2022 mediante a modificación consistente na substitución da actuación denominada “Reposición de mobiliario urbano”, polo proxecto denominado “Dotación de infraestruturas de rede de telecomunicacións, baixa e media tensión e iluminación en vía pública urbana”, imputable á mesma aplicación orzamentaria e polo mesmo importe, conforme ó previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o expediente e a documentación preceptiva expoñíanse ao público por prazo de quince días hábiles, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 49, de 2 de marzo de 2022. Durante o indicado trámite de información pública e audiencia aos interesados, non se presentaron reclamacións.

De conformidade co disposto nos artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, publícase o acordo de aprobación definitiva.

APROBACIÓN DEFINITIVA ANEXO DE INVESTIMENTOS

No Anexo de investimentos incluído no Orzamento Xeral para o exercicio 2022, aprobado polo Pleno da Corporación con data 16/11/2021, figura un investimento denominado “Reposición de mobiliario urbano”, imputado á aplicación orzamentaria 150.61900 e financiado cos recursos xerais do propio orzamento.

Neste momento é urxente levar a cabo os traballos de canalización das liñas de electricidade e teléfonos que corren polas fachadas dos edificios e por riba das vías públicas no núcleo de Quiroga. A tal efecto redactouse un proxecto denominado “Dotación de infraestruturas de rede de telecomunicacións, baixa e media tensión e iluminación en vía pública urbana”, imputable á mesma aplicación orzamentaria e polo mesmo importe (49.000,00 euros).

Dado que non hai novos recursos que poidan financiar esta actuación, considérase que se pode substituír o investimento previsto no orzamento, consistente na adquisición de mobiliario urbano, por este novo proxecto, xa que non causa prexuízos aos servizos municipais e dan cobertura a unha urxencia que, ademais, supón unha mellora do medio urbano.

Apróbase a modificación do Anexo de investimentos unido ao Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2022, consistente na substitución da actuación denominada “Reposición de mobiliario urbano”, polo proxecto denominado “Dotación de infraestruturas de rede de telecomunicacións, baixa e media tensión e iluminación en vía pública urbana”, imputable á mesma aplicación orzamentaria e polo mesmo importe (49.000,00 euros).

Quiroga, 31 de marzo de 2022.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 0753